



ENTIDADE LOCAL MENOR
DE
PAZOS DE REIS
(TUI)

PREGO DE CONDICIIONS QUE REXERÁ NA SUBHASTA DE APROVEITAMENTOS FORESTAIS DESTA ENTIDADE.

- 1. OBXECTO.-** O alleamento de aproveitamentos forestais mediante subhasta por esta Entidade Local Menor de Pazos de Reis no monte de U.P. da súa propiedade denominado "Outeiro do Nuño e Fontenla" nº 526/529, que corresponden ós expedientes do 3605517400001, 3605517400002 e 3605516700003 de acordo co seguinte desglose:
 - Expte 3605517400001, de 1.790,00 m3 e 2.029 pes de Pinus pinaster; prezo base de 50.120,00 € e 62.650,00 € de prezo índice.Cunha taxa de 699,96 €. Prazo de execución 4 meses.
 - Expte 3605517400002, de 1.579,00 m3 e 1.835 pes de Pinus pinaster; prezo base de 44.212,00 € e 55.265,00€ de prezo índice.Cunha taxa de 624,02 € Prazo de execución 4 meses.
 - Expte 3605517400003, de 1575,00 m3 e 1.760 pes de Pinus pinaster; prezo base de 10.925,00 € e 13.625,25 € de prezo índice.Cunha taxa de 223,74 €. Prazo de execución 4 meses.
- 2. FIANZAS.-** Provisional, 5% do prezo base de cada lote ou expediente que se achegará á plica na forma prevista na lexislación vixente. Será devolta sen necesidade de acordo e de forma inmediata ós licitadores que non foran adxudicatarios. Definitiva, 10% do prezo de remate. Constituirase no prazo de 20 días a partir da notificación da adxudicación provisional na Depositaría da Entidade. Ámbalas dúas constituiranse en metálico ou aval bancario.
- 3. PROPOSIÇÕES:** Presentaranse por separado para cada lote na Secretaría da Entidade ata as 20:00 horas do día hábil en que se cumpran os vinteseis días naturais seguintes ó da inserción do anuncio no BOP, en sobre pechado que leve exteriormente a denominación da subhasta e a identificación número de expediente do aproveitamento forestal.
- 4. APERTURA DE Plicas:** Na sede da Entidade Local Menor ás 20:00 horas do día seguinte hábil ó que finalice o prazo de presentación de proposicións. A mesa de contratación estará composta polo Presidente e dous vocais, actuando de Secretario o titular da Entidade.

En caso de quedar deserta a subhasta ou non alcance o prezo índice, a Entidade resérvase os dereitos establecidos no art. 270 do Regulamento de Montes.
- 5. DOCUMENTACIÓN.-** Á proposición achegarase a seguinte documentación
 - Resgardo acreditativo de ter constituído a fianza provisional
 - Documento que acredite a personalidade do licitador
 - Declaración de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para contratar coa Administración pública, así como de estar ó corrente nas obrigas fiscais e da S.S., documentación que estará en todo momento a disposición da administración.
- 6. GASTOS.-** Serán de conta do adxudicatario todo tipo de gastos que orixine o aproveitamento forestal, tales como edictos, taxas, impostos, indemnizacións, permisos de corta, etc.

7. **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL:-** O adxudicatario deberá dentro dos 20 días seguintes ó da correspondente notificación da adxudicación provisional:
- Aportar certificacións administrativas expedidas polos órganos competentes nas que se acredite atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, todo iso de acordo co sinalado no art. 13 e seguintes do RC 1098/2001.
 - Ingresar na Entidade Local Menor o 60% do prezo do remate así como o importe do 40% das melloras e indemnizacións na conta nº ES29 0019-0453-9840-1000-3055 da “Comisión Provincial de Montes” do Deutsch Bank en Pontevedra e o importe das taxas na Comisión Provincial de Montes.
 - Ingresar a fianza definitiva correspondente o 10% do prezo de remate.
 - No caso en que o adxudicatario non procedera, no prazo sinalado, a presentación da correspondente documentación, así como a facer os correspondentes ingresos, esta Entidade procedera a declarar deserta a adxudicación, comunicando dito feito a Xunta de Galicia e ao adxudicatario. Ase mesmo a Entidade poderá impoñer a correspondente sanción, segundo o disposto no artigo 10, do presente prego, así como reclamar ao adxudicatario os gastos ocasionados.
8. **ADXUDICACIÓN DEFINITVA:** Una vez presentada a documentación esixida ao adxudicatario a Xunta Veciñal, na primeira reunión que celebre, procedera a elevar a adxudicación a definitiva, comunicando dito feito tanto a adxudicatario como a Xunta de Galicia, para que así o adxudicatario poida retirar o correspondente licenza de corta no servizo de Montes, debendo tamén asinar o prego de condicións.
9. **OBRIGAS.-** Ademais do establecido no presente prego o adxudicatario está obrigado:
- A obter a licenza de corta
 - A facer o aproveitamento no prazo que sinala o Servizo de Montes a partir do acta de entrega e nas condicións específicas establecidas por dito Servizo.
 - A cumprir as condicións xerais contidas no Prego Xeral de condicións Técnico-facultativas probado por Resolución do 24-04-1975, o Prego Especial de condicións Técnico-Facultativas para aproveitamentos forestais, aprobado por resolución do 06-05-1975, o Decreto 244/1988 de 24 de Xullo, e a Orde de 8 de setembro de 1998 que desenvolve o Decreto 244/1998, segundo consta no prego particular de condicións que obra no expediente de subhasta de data 14-01-2015.
 - A non demorar o pago das cantidades que correspondan e a limpar a zona do aproveitamento
 - A cumprir o estipulado no Decreto 65/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do parque natural do Monte Aloia.
 - A cumprir o disposto no Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, polo que se declara de utilidade pública e erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steine et Buher) Nickle et al., e se ordenan medidas para evitar a súa propagación.
10. **SANCIÓNS.-** Tanto as demoras como o incumprimento do resto das condicións poderán ser sancionadas con multas coercitivas de 6,01€ a 600,51€, segundo a gravidade da falta, que será apreciada discrecionalmente pola Xunta Veciñal. O importe da sanción poderá ser incautado directamente da fianza depositada polo adxudicatario.
11. **REXIME XURÍDICO.-** Os licitadores quedan sometidos á normativa xeral que rexe a contratación das Administracións Públicas; á Lei de Montes 43/2003 de 21 de Novembro e Lei 10/2006 de 28 abril polo que se modifica a anterior, Regulamento de Montes, aprobado por Decreto 485/62, do 22 de febreiro; Resolucións do 24-04-75 e 6-5-75; Lei 7/2012 do 28 de xuño, de montes de Galicia (DOG 140, do 23.07.2012), e demais disposicións aplicables.

MODELO DE PROPOSICION.-



ENTIDADE LOCAL MENOR
DE
PAZOS DE REIS
(TUI)

D.....domiciliado en en nome propio ou en representación de.....enterado do prego de condicións e do anuncio de subhasta para o alleamento do aproveitamentos forestal da Entidade Local Menor de Pazos de Reis, fai constar:

1º Ofrece polo lote que corresponde ó expte. nº.....de..... árbores, a contía.....€ (en número e en letra).

2º Que está en posesión da documentación que esixe o prego de condicións e a lexislación vixente.

3º Que acepta cantas obrigas se deriven do prego de condicións.

4º Que achega xustificante de ter constituída a fianza provisional e demais documentos esixidos.

5º Que declara non atoparse incurso en ningún dos casos de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa Administración Local e así como de estar ó corrente nas obrigas fiscais e da S.S.

Pazos de Reis, 17 de outubro de 2017
O PRESIDENTE,

Enrique Pérez Martínez.